

Proxecto de Orde do de de 2018 pola que se modifica a Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

O 8 de abril de 2016 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia* nº 67, a Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Esta Orde do 1 de abril de 2016 regula, no anexo I, os prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

O punto A.2 deste anexo I establece os prezos aplicables, durante a Campaña de verán, ás actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, en campamentos (A.2.1) e en albergues (A.2.2).

As tarifas para as actividades están sinaladas para quendas de doce e de oito días, cando as actividades da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ás que resultan de aplicación os citados prezos non sempre se axustan a esta duración.

En consecuencia, faise necesario fixar un prezo por día de actividade que resulte aplicable con independencia da súa duración e procede, polo tanto, modificar a Orde do 1 de abril de 2016 no devandito punto A.2 do anexo I, nos seus apartados 1 e 2.

Por iso, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*

Os apartados A.2.1. Campamentos e A.2.2. Albergues, do punto A.2 do Anexo I da Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, quedan redactados da seguinte maneira:

"A.2.1. Campamentos:

Tarifa en euros

Actividades náuticas

Por día..... 17,25

Actividades educativas, culturais, de voluntariado, ao aire libre, ambientais e lúdico-deportivas

Por día..... 14,67

Actividades turístico-deportivas

Por día..... 17,25

A.2.2. Albergues:

Tarifa en euros

Actividades náuticas

Por día..... 19,33

Actividades educativas, culturais, de voluntariado, ao aire libre, ambientais e lúdico-deportivas

Por día..... 18,5

Actividades turístico-deportivas

Por día..... 18,5 "

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de 2018

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social